



## Concello de Cangas

PROCESO DE SELECCIÓN DE 31 TRABALLADORES/AS SEGUNDO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE DATA 28/01/2019, AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2019 CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS.

De acordo co previsto no punto catro das Bases que rexen este proceso de selección, por medio deste anuncio faise pública a **convocatoria para a realización dos exercicios da fase de oposición.**

Con tal motivo, os/as aspirantes quedan convocados aos chamamentos que se realizarán antes do inicio das probas nos días, horas e lugares que a continuación se indican:

**Mércores 27/02/2019, no Salón de Plenos do Concello de Cangas**

- 9,30 h.: proba **Peóns Varredores/as** (limpeza viaria)
- 13:00 h.: proba **Albaneis**

**Xoves 28/02/2019, no Salón de Plenos do Concello de Cangas**

- 9,30 h.: proba **Peóns Xardineiros/as**
- 11:00 h.: proba **Peóns Agrícolas**

**Venres 01/03/2019, no Salón de Plenos do Concello de Cangas**

- 9:30 h.: proba tipo test **Auxiliares Administrativos/as**
- 10:30 h.: proba **Conserxes instalacións deportivas**

**Venres 01/03/2019, nas instalacións municipais de Granxa da Rúa , situadas en A Pedreira - Coiro (ao lado do Colexio de A Rúa)**

- 12:00 h.: proba **Condutores/as**
- 13:00 h.: proba **Peóns Emerxencias (Protección Civil)**

O chamamento no lugar e horas indicado será único quedando excluído/a quen non compareza de acordo co disposto nas bases. Deberán presentar o seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir cando así llo requira algún dos membros do Tribunal.

De acordo co estipulado na base sétima, os/as aspirantes que acrediten ao Tribunal, antes da realización da proba, estar en posesión do CELGA axeitado en función da titulación requirida para o posto ao que optan, ou o seu equivalente no ámbito laboral (diplomas de Iniciación ou Perfeccionamento), quedarán exentos da proba de Lingua Galega, recibindo neste caso 2 puntos.

Cangas, 25 de febreiro de 2019

O presidente do Tribunal

Asdo.: Fabián Fernández Gómez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE